

**CPI do Toural**

**Vilaboa**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**DO**

**DEPARTAMENTO DE LINGUA INGLESA**

**CURSO 2022- 2023**

## ÍNDICE

○ Introducción .....	3
○ Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave .....	4
○ Obxectivos .....	6
○ Bloques de contidos .....	8
○ Criterios de avaliación .....	12
○ Relación dos estándares de aprendizaxe avaliados, criterios de avaliación, concreción de graos mínimos, procedementos e instrumentos de avaliación, competencias clave e temporalización para cada estándar de aprendizaxe avaliada .....	15

### **2º ESO**

### **4º ESO**

○ Metodoloxía didáctica .....	40
○ Recursos e materiais didácticos .....	43
○ Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados .....	44
○ Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado .....	44
○ Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.....	48
○ Medidas de atención á diversidade .....	49
○ Elementos e temas transversais .....	51
○ Actividades complementarias e extraescolares programadas .....	52
○ Contribución ao fomento da lectura .....	53
○ Contribución ao fomento das TICs .....	53
○ Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .....	54
○ Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia en períodos de peche dalgunha aula ou do centro, no contexto da covid-19 .....	56

## INTRODUCCIÓN

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando os alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ao tempo que tecnoloxicamente máis avanzado.

Debemos ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe ao longo de toda a vida.

A nosa finalidade é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a educación para o desenvolvemento, a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

A programación didáctica que a continuación se vai a desenvolver pertence á área de Lingua Inglesa do C.P.I do Toural, en Vilaboa, e será levada a cabo durante o curso escolar 2022/2023. O longo do curso, esta programación estará en continua revisión para axustar o mellor posible a continuidade dos contidos e a adquisición de competencias ó longo da etapa.

O actual **marco de referencia** legal para 2º e 4º da ESO é a Lei de Educación 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), coas particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño. Tivéronse en conta as directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común

europeo de referencia para as linguas e o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2022-2023.

Este curso escolar contaremos con dous grupos en 2º de ESO e dous en 4º ESO. Ao principio de curso, explicaremos e subministraremos a cada alumno e alumna a información máis salientable da avaliación, cualificación, secuenciación e temporalización dos contidos da materia, para que poidan recollelos no seu caderno de clase.

No seguinte cadro amosamos a distribución do alumnado para este curso.

Curso	Nº de alumnos/as	Nº de grupos
2º ESO	24+24=48	2
4º ESO	16+17= 33	2

Neste curso, debido á redución de profesorado no centro unha das dúas profesoras pertencentes ao Departamento de Lingua Inglesa impartirá clases de Lingua Galega.

Queda distribuída a docencia das dúas profesoras deste xeito:

Beatriz Martínez García será a Xefa de Departamento. Impartirá L. Inglesa en 1º e 2º ESO. Tamén impartirá a sección bilingüe da materia de Investigación e Tratamento da Información en 2º de ESO e a materia de Proxecto Competencial en 1º de ESO. Ademais, é a coordinadora de Programas Internacionais, do actual proxecto ERASMUS+ no que participa o centro e do equipo “UNESCO”, actuando como representante da nosa escola ante a rede de escolas asociadas da UNESCO.

María Pérez Vázquez- Impartirá clases de L. inglesa en 3º e 4º ESO e de Lingua Galega en 2º de ESO.

## 2- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as *competencias clave*. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no tocante ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos. En suma,

unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre. Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de *aprender a aprender*.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade de alumnos e alumnas para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de xeito directo. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar, unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas. Por outra banda, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cidadá**. As linguas sérvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en gran medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese aprender de e cos demais.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa competencia en **tratamento da información e competencia dixital**. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que medra cada día. O coñecemento dunha

lingua estranxeira facilita o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicarnos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con mozos doutros lugares, e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Así mesmo, na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe, é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

A materia de Lingua Inglesa inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, xa que logo, contribúe a adquirir a **competencia artística e cultural** ao propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións.

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da **competencia autonomía e iniciativa persoal**, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón pór en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a **Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico e a Competencia matemática** non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, dada a natureza dos materiais elaborados para a impartición desta materia, pódense atopar moitas oportunidades de desenvolver tamén estas competencias.

## OBXECTIVOS

O currículo básico establece que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as **capacidades** que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

## BLOQUES DE CONTIDOS

Os contidos que conforman esta materia e este curso, agrúpanse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

### Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.
- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.
- Identificación de palabras clave.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).
- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.
- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

### Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Estratexias de produción:

#### *Planificación*

- Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ó destinatario, ó contexto e ó canal, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.
- Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.

#### *Execución*

- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoo adecuadamente e axustándose, no seu caso, ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:

#### *Lingüísticos:*

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou paráfrases dun termo ou unha expresión.

#### *Paralingüísticos:*



- Petición de axuda ou clarificación.
- Sinalización de obxectos, usos deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.
- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah etc.) de valor comunicativo.
- Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ó destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

B2.2. Actitude de respecto cara si mesmo/a e cara as demais persoas, para comprender e facerse comprender.

B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro, conversación telefónica, compra-venta, e outras igualmente cotiás e básicas.

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

### Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

B4.1. Estratexias de produción:

#### *Planificación*

- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas a fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir etc.).
- Localización e uso adecuados de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda etc.).
- Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.

#### *Execución*

- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta de esta) ou da mensaxe (facen concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.

- Recurso os coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo «agora volvo», «xa nos veremos» etc.).

*Revisión:*

- Identificación de problemas, erros e repeticións.
- Atención ás convencións ortográficas e ós signos de puntuación.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra etc.).
- Reescritura definitiva.

## **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

### B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.
- Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.

### B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

### B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Acercamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas no costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

### B5.4. Plurilingüismo:

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

### B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.
- Petición e oferta de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.

- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

#### B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio natural, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.

#### B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so + Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*first conditional*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences, tags*).
- Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh questions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*); habitual (*simple tenses + Adv., e. g. usually*); *used to*); incoativo (*start + verb+ ing*); terminativo (*stop + verb+ ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obrigaón (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (e. g. *there will be/has been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (e. g. *good at maths; rather tired*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from... to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*). Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah etc.) de valor comunicativo.
- Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ó destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.

B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.

B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.

### Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.

B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronunciación intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.

B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.

B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).

B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiáns, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.

B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos etc.).

B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionas con outras materias do currículo.

B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.

B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios etc.

B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.

### **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, poñendo unha idea principal en cada parágrafo etc.).

B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.

B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns e de inmediata necesidade.

B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.

B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda etc.), en soporte impreso e dixital.

### **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.

B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).

B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.

B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.

B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.

B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.

B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.

B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.

B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDIMENTOS/  
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.**

ETAPA		E.S.O.						
NIVEL		2º ESO		ÁREA	Primeira lingua estranxeira (PLE)			
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.	
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*		
PLE-B1.1	2º-PLEB1.1 - Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.	Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos.	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.	CCL CD CCEC CSC	
PLE-B1.2	2º-PLEB1.2 - Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.	Comprende instrucións sinxelas producidas en contextos reais e simulados, articuladas con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CD CCEC CSC	
PLE-B1.3	2º-PLEB1.3 - Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi	Comprende o esencial en situacións de comunicación nas que se utilicen frases moi	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Probas específicas.	CCL CD CCEC	

	sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.	sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.				INSTRUMENTOS: Proba aberta.	CSC
PLE-B1.4	2º-PLEB1.4 - Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).	Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender ou do seu interese inmediato.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL CD CCEC CSC
PLE-B1.5	2º-PLEB1.5 - Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.	Identifica o sentido xeral dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e con pausas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos.	CCL CD CCEC CSC
PLE-B1.6	2º-PLEB1.6 - Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.	Comprende, nunha conversa na que participa, descrições, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade e amodo, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.	CCL CD CCEC CSC



PLE-B2.1	2º-PLEB2.1 - Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.	Interactúa de vez en cando nas actividades de aula ou intervén na lingua estranxeira, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CCL CAA CSC CCEC
PLE-B2.2	2º-PLEB2.2 - Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CCL CSC
PLE-B2.3	2º-PLEB2.3 - Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	Fai presentacións breves e ensaiadas, con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos sinxelos de temas do seu interese.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.</p>	CCL CD CCEC CSC
PLE-B2.4	2º-PLEB2.4 - Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.	Desenvólvese de maneira máis ou menos correcta, en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos.</p>	CCL CD CCEC CSC

TERM	UNIT	VOCABULARY	GRAMMAR	REAL WORLD FUNCTION	READING SKILLS	LISTENING	WRITING	SES
1st Term	Review	Health and well-being, personal qualities, traveling and learning	Review of present tenses, past tenses, modal verbs, used to, present perfect and future					10
	1	Feelings and emotions	Present perfect simple and continuous, question tags and question with prepositions and past perfect	Talking about feelings	Informal writing and expressions in social media	A phone conversation	A profile, use of connectors	11
	2	Describing people	Relative clauses, reflexive pronouns and each other	Expressing opinion and using formal language	A radio programme and filling in a form	Job interviews	Writing a profile	12
2nd Term	3	Adjectives, adverbs of manner, place and time	Modal verbs (deduction and speculation), imperative and quantifiers	Expressing certainty and doubt	Guessing meaning from context, a recipe and an instruction manual	Following instructions	Writing a blog entry	10
	4	Plans and aspirations, verb-preposition combination	Future continuous and perfect and future time clauses	Using formal and informal language	Travel brochures, recognising examples and scanning	A travel guide and understanding short instructions	Formal letter (letter of complaint) and formal language	10
	5	Environment	Conditional sentences, unless, I wish, if only	Reaching an agreement and talking about problems and solutions	Skimming articles and ads and identifying topic sentences	A talk	For and against essay	10
3rd Term	6	Music and performances, celebrations	Passive voice, be allowed to, let and make	Describing an event	Identifying synonyms	Interviews to famous people	A review	10
	7	Reporting verbs, idioms and time expressions, crime and criminals	Reported speech	Contrasting points of view	Recognising time references	A documentary	A report	12
	8	Sports	Gerunds and infinitives	Comparing and contrasting	Scanning	A podcast	An opinion essay	10
<b>TOTAL</b>								<b>95</b>

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe.

En xeral, pódese dicir que o enfoque que ha de primar no tratamento da materia de Lingua Estranxeira ha de ser o **comunicativo**.

A lingua demanda unha metodoloxía que se centre no alumno, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que este debe asumir no proceso; A metodoloxía máis idónea será, por tanto, aquel conxunto de prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que mellor contribúa a que o alumno, por unha banda, adquira as diversas competencias implicadas na comunicación, e, por outro, desenvolva a capacidade de poñer todas estas competencias en práctica de maneira conxunta para producir e procesar textos orais ou escritos adecuados aos contextos de actuación correspondentes e para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito.

Incidiremos ademais de maneira especial no aproveitamento didáctico de recursos **dixitais**, entendidos como unha ferramenta esencial para iniciar ao alumnado na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe. Un dos elementos clave será espertar e manter a **motivación** cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Trataremos de utilizar metodoloxías activas e contextualizadas, que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, porque sabemos serán as que xeren aprendizaxes máis duradeiros.

As metodoloxías activas estarán apoiadas con estratexias interactivas e estruturas de aprendizaxe **cooperativa**, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.

A **Educación para o desenvolvemento e para a cidadanía global** serán liñas de traballo ao longo do curso. Apostamos polo **traballo por proxectos**, xa que axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes. A ensinanza será individualizada, respectando e prestando atención ás diferenzas individuais, procurando deseñar respostas educativas axeitadas á diversidade e ás necesidades reais do noso alumnado. Esta programación está deseñada para ser utilizada con flexibilidade de modo que tódolos alumnos e alumnas poidan participar na realización de actividades nas que apliquen os coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia do progreso que logran día a día. Apoiaremos sempre a



aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. E por iso que programamos actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

### **ACTIVIDADES E TAREFAS NO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE**

Ao elixir o material de aula e ao planificar as actividades e tarefas a realizar, teremos en conta que estas favorezan o desenvolvemento, a ser posible equitativo, das catro destrezas: Listening, Speaking, Reading e Writing, buscando a integración natural de todas elas no desenvolvemento das unidades.

Tendo en conta este principio, consideramos tamén como axeitadas as seguintes metodoloxías:

- **Deseño de unidades por “tarefas”**: “TASK-BASED APPROACH”. No intre de programar non partiremos dos contidos lingüísticos, funcións, nocións e estruturas, para diseñar posteriormente as actividades; senón que será ata certo punto un proceso inverso:

1- Elección dun tema ou título que guste aos alumnos, que sea potencialmente motivador.

2- Deseño das tarefas finais: Por tarefas finais enténdese aquelas que, ao final do proceso de aprendizaxe serán capaces de realizar os alumnos por sí mesmos, de forma autónoma, e que servirán de criterios de avaliación dos obxectivos da unidade. Estas tarefas finais deben cumprir os requisitos básicos das tarefas comunicativas e outros requisitos que lle son propios:

-Deben ser tarefas motivadoras.

-Os alumnos deben coñecer as razóns ou a súa finalidade.

-Debe existir información descoñecida que teñan que averiguar.

-Non deben ser situacións totalmente predecibles; debe haber certa información por descubrir.

-Deben permitir a interacción de todos os alumnos.

-Deben ser asequibles na práctica, no sentido de que o nivel lingüístico requerido non esté porriba das súas posibilidades.

-Deben contemplarse nelas as catro destrezas lingüísticas e ser fiel reflexo dos obxetivos e contidos propostos, ademáis de servir como tarefas para a avaliación.

3- Deseño de obxectivos: Deben deseñarse ao mesmo tempo que as tarefas finais.

4- Deseño de contidos: deberán determinarse en relación co nivel dos alumnos e alumnas nese momento: ¿ Que deben traballar os alumnos ou que lles fai falla para realizar as tarefas finais de maneira autónoma?

5- Deseño das unidades: Para elo levarase a cabo a concreción e distribución dos obxetivos específicos e contidos que se van traballar en cada sesión, así como as actividades e materiais. Neste sentido debemos distinguir entre tarefas finais ou comunicativas e tarefas posibilitadoras

ou de aprendizaxe; aquelas que, por medio da práctica, desenrolan os novos contidos e fan posible a posta en práctica das tarefas finais e, polo tanto, dos obxectivos.

5- Avaliación.- Utilizaremos instrumentos que nos permitan valorar se alcanzamos os obxectivos da unidade e que teñan como criterio fundamental a capacidade para levar a cabo as tarefas finais.

- **Deseño de unidades por funcións.**- Se organizamos a unidade por funcións, a súa estrutura será a seguinte:

1- Actividades para a introducción de contidos novos.

2- Actividades para a práctica.

3- Actividades comunicativas.

Procuraremos combinar actividades de diferentes destrezas lingüísticas.

- Vocabulario relacionado co tema central da mesma e que consideremos de utilidade e interés para o alumnado.

-Gramática. Pedirémolle aos alumnos que analicen exemplos e táboas, animándoos a formular regras de formación. Esta metodoloxía inductiva consegue que os alumnos se impliquen na aprendizaxe e memoricen as estruturas.

- Comprensión oral. Realizaremos actividades de práctica en contextos realistas, onde se amosen unha ampla variedade de falantes e situacións; programas de radio, entrevistas, conversacións e avisos.

- Comprensión escrita de artigos, emails, páxinas web, narracións, concursos, entrevistas,.... incluíndo expresións que os alumnos poderán aplicar en contextos comunicativos.

-Expresión oral. Practicaremos mediante actividades controladas que ofrezan apoio aos alumnos e destacaremos as expresións útiles para que eles as apliquen posteriormente en contextos comunicativos.

-Pronunciación.

-Expresión escrita guiada de emails, blogues, biografías, artigos, informes...

- **Flip Classroom.**

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Debido a que non contamos con aula de idiomas, serán as aulas de referencia, os espazos nos que teremos que impartir a materia, en todos os niveis.

Procuraremos utilizar o máis variado conxunto de materiais e recursos didácticos posibles, que faciliten tanto o aporte de información como a súa comprensión. Incidiremos de maneira especial no aproveitamento didáctico de recursos **dixitais**, entendidos como unha ferramenta esencial para motivar e iniciar ao alumnado na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe. Empregaranse:

- Recursos dixitais: Desde o curso 2020-2021 estase implantando no centro o programa **Edixgal**, polo que o alumnado poderá contar xa para traballar cos **ordenadores**, recursos e materias dixitais do programa.
- Encerado Dixital Interactivo, canón e ordenador nas aulas.
- Aplicacións dixitais como Kahoot, Quizziz, Educaplay, Canva, Edpuzzle, ESLvideo, Wordwall, Baamboozle, YouGlish, ...
- Recursos audiovisuais: Webs, Vídeos, etc. serán un apoio moi importante na aula.
- Recursos bibliográficos: A biblioteca do centro dispón de diversos títulos nos seus fondos que poden ser utilizados polos alumnos e seguirá sendo incrementada con novos libros para este fin. Entre outros utilizarán libros de lectura, revistas, dicionarios, ...
- Workbook: "Influence Today" da editorial Macmillan.
- Materiais impresos: fragmentos de textos textos fotocopiados sobre diferentes temáticas, apuntamentos, manuais, dicionarios, revistas, noticias de prensa, cuestionarios, mapas, pósteres,...
- Portfolio.
- Elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender á diversidade na aula, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe para acceder a recursos virtuais.
- Recursos humanos: Durante este curso, aínda que soamente por 8 horas semanais para todo o centro (nin sequera poderá dedicarlle unha sesión semanal a cada grupo), dispoñemos da axuda dun **auxiliar de conversa** procedente dos Estados Unidos, que colaborará nalgunhas actividades lectivas presenciais, principalmente para a mellora de aspectos relativos a *listening* e *speaking*. Ofrecerá tamén asesoramento lingüístico ao profesorado das materias das sección bilingües.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A finais do mes de setembro o alumnado realizará unha pequena proba escrita ou algunha tarefa nunha aplicación dixital a modo de avaliación inicial. Xunto coa observación previa do traballo de clase, esta proba servirá para facernos una idea do nivel e competencia comunicativa en lingua inglesa do alumnado. Esta avaliación inicial servirá ademais, para poder detectar as carencias que cada un dos estudantes pode presentar e as posibles dificultades ás que nos teremos que enfrontar. Unha vez lidos os informes de cursos anteriores e analizados os resultados da proba, poderemos coñecer e valorar mellor as necesidades específicas de apoio educativo e os reforzos ou apoios que será necesario deseñar e aplicar dentro de cada aula, en colaboración co departamento de orientación.

### CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN

Se partimos de que as competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións máis reais posibles de aplicación, e nesas situacións o común é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A **avaliación por competencias** permite avaliar tanto o logro dos obxectivos da materia coma o grao de adquisición das Competencias clave. Uns criterios están ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

O currículo tamén establece uns **criterios de avaliación** e uns **estándares de aprendizaxe avaliáveis** que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. Con respecto á avaliación por **competencias**, dado que estas son moi xenéricas, debemos concentrarnos moito máis, para facer con que nos sirvan como referencia para a acción educativa. Para demostrar a competencia do alumno, temos o que chamamos **indicadores**.

### Procedementos de avaliación

Atendendo ós diferentes criterios, o currículo propón unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación **formativa**, serán a observación

e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de traballo colaborativo: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, o caderno, actitude de aprendizaxe e participación en xeral, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. No caso da avaliación **sumativa**: as probas escritas, orais, online trimestrais e as de recuperación. En todo caso, para poder adaptarnos á flexibilidade que esixe a propia avaliación, os procesos e **procedementos de avaliación** serán variados:

- Observación directa na aula, actividades diarias e seguimento individualizado. Entre os aspectos que se van valorar dentro da observación da participación activa na aula atópanse as achegas significativas, que terán valor durante os debates, as conversas ou reflexións sobre o tema tratado na sesión, as actividades realizadas en soporte dixital, o traballo diario na aula, para o que se terá en conta a orde, o interese e a disposición para aprender mediante as tarefas que se propoñan... Teremos en conta o esforzo e interese polo uso da lingua e a evolución de cada alumno/a. Tamén temos en conta o hábito de traballo e a colaboración e actitude con respecto á materia e ós compañeiros/as. A nota global deste apartado calcularase a partir das medias de todas esas valoracións, aínda que, como coas outras probas escritas, o profesorado poderá establecer diferentes ponderacións entre elas, mantendo sempre informado ao alumnado.
- Caderno de clase e portafolio. Valorarase o traballo do alumnado fóra das horas lectivas a través do caderno de clase ou da realización de pequenos traballos específicos para presentar por escrito ou en formato dixital, moi útiles para afondar en estándares onde os procesos de avaliación detectaran dificultades. Incidirase especialmente no primeiro curso coa intención de crear e potenciar hábitos de limpeza e orden.
- Traballos con aplicacións específicas, en papel ou en soporte informático, presentacións dixitais, exposición orais na clase, sobre as temáticas do currículo que se estean traballando.
- Probas orais. Valorarase a corrección na expresión e a claridade na entonación. Darase moita importancia ao esforzo por emitir mensaxes comprensibles e á evolución e mellora.
- Probas específicas para avaliar o grado de consecución de determinados estándares en concreto.
- Probas escritas que abranguerán unha cantidade ampla de estándares. Realizaranse polo menos dúas probas ó longo de cada unha das avaliacións. Proporanse probas de varios tipos: test de vocabulario, cuestionarios, composicións, .... que medirán en cada caso o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe correspondentes e o desenvolvemento das competencias básicas, aínda que o profesorado, atendendo á natureza dos estándares

traballados, poderá outorgar un peso maior ou menor a algunha desas probas, aspecto que deberá ser coñecido polo alumnado. No caso de non poder asistir a unha destas probas ou exames por un motivo xustifico, a profesora, se a temporalización o permite, establecerá outra data para facelo. No caso en que non sexa posible repetir o exame antes das sesións de avaliación a profesora avaliará ao alumnado segundo as notas obtidas anteriormente para esa avaliación.

## **Criterios de cualificación**

Como xa indicamos a avaliación é individualizada e formativa polo que non se pode establecer un sistema de baremación ríxido e unánime para todos e cada un dos alumnos e alumnas. Con todo, si que se terán en conta unha serie de criterios que consideramos básicos.

Para avaliar correctamente o progreso debemos partir do punto no que se atopa o proceso de aprendizaxe do alumno. O que parta dun coñecemento mínimo da lingua estranxeira e se esforce por melloralo merecerá máis nota que o que non se esforce case nada e polo tanto non progrese. Para avaliar efectivamente o progreso e o esforzo dos alumnos, recolleremos diferentes actividades con certa periodicidade, para seren valoradas xunto con outras probas orais ou escritas puntuais. Valoraranse todo tipo de actividades (tanto as realizadas fóra coma na clase), para que se entenda a importancia de todas elas e o alumnado manteña un ritmo de traballo constante. A participación diaria na clase tamén será obxecto de avaliación a todos os niveis.

As cualificacións tentarán ser cuantitativas e cualitativas, apreciando aspectos positivos que o merezan e con orientacións que lle sirvan de estímulo ao alumnado e o leven a un bo progreso.

A cualificación outorgada ao final de cada avaliación procederá dos datos obtidos cos diferentes **instrumentos de avaliación**.

Cada unha das probas orais ou escritas que utilizemos como instrumento de avaliación poderá constar de diferentes partes (Comprensión lectora, Comprensión oral, Expresión e interacción escrita, Expresión e interacción oral) deseñadas para avaliar distintos aspectos da competencia lingüística.

Para acadar os mínimos dos estándares relacionados coa comprensión e expresión escrita e oral, o alumnado necesita adquirir un coñecemento dos contidos gramaticais e léxicos do bloque 5 de coñecemento da lingua, sobre todo no primeiro ciclo, aos que por iso se lle dará un peso maior nas probas que se realizarán no curso de 2º de ESO.

Deste xeito, a adquisición e desenvolvemento da competencia comunicativa e das destrezas na lingua estranxeira valorarase da cordo aos seguintes bloques e porcentaxes:

2º ESO:

- Estándares relacionados coa Comprensión e Expresión escrita (Reading and Writing). 20%.
- Estándares relacionados coa Comprensión e Expresión oral (Listening, Speaking and Interaction). 30%
- Contidos necesarios para acadar a competencia comunicativa (grammar and linguistic knowledge, language functions, phonetics, cultural aspects and awareness). 50%

4º ESO:

- Comprensión oral: 20 %
- A expresión oral: 15 % (será avaliada por exposicións orais)
- Comprensión escrita: 20%
- Expresión escrita: 15%
- Léxico e gramática: 30%

A cualificación que constará ó final de cada avaliación obterase dos resultados nos diferentes aspectos formativos e, dependendo das diferentes tarefas requiridas, atenderá á seguinte ponderación:

- Probas escritas, probas orais, tests de vocabulario: 70%
- Proxectos, Participación na aula, lecturas (Readers), Composicións, Presentacións orais, tarefas de reforzo...: 30%

Para aprobar cada unha das avaliacións da materia é preciso acadar un 50% da puntuación global (5 puntos).

A finais de xuño realizarase unha proba escrita a modo de avaliación final, para o alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria, na que o alumnado deberá acadar unha cualificación igual ou maior que 5 para a superación da materia.

## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

Para o alumnado de cursos posteriores coa materia pendente o departamento oferta un programa de reforzo para a súa recuperación.

Os **contidos esixibles** correspóndese cos mínimos esixibles para unha avaliación positiva recollidos na programación de cada curso. O alumnado coa materia pendente poderá realizar aquelas tarefas que o profesor considere e lle propoña ó longo do curso, co fin de recuperar e repasar. Propóranse bloques de actividades de reforzo que terán que ir entregando en datas determinadas.

Si ao finalizar a primeira ou segunda avaliación do ano en curso, o alumno aproba a materia, consideraranse superados os mínimos esixibles do curso anterior pendente. No caso de que o alumno/a obteña cualificación negativa na primeira e segunda avaliación, terá dereito á realización dunha proba escrita ao longo do mes de maio na data determinada pola xefatura de estudos do centro. Á hora de recuperar a materia pendente teranse tamén en conta as tarefas e traballos entregados, o esforzo, o interese e a evolución do alumno/a durante o ano escolar en curso.

As profesoras ofertaremos a posibilidade de consulta de dúbidas nas clases ordinarias e mesmo en sesións extraordinarias por petición do alumnado.

### **ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN**

A avaliación será **contínua**, e o alumnado que non se presente a calquera das probas, poderá recuperalas nas seguintes e entregar as actividades de reforzo pendentes. Asemade, e segundo o recollido na lexislación presente, o alumnado contará coa proba de avaliación final de xuño.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación final obterase do seguinte xeito:

**50%** do resultado da probas

**50%** da realización das tarefas propostas.

A superación da materia suporá acadar na cualificación de cada proba, ou na final, unha cualificación igual ou maior que 5.



## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, diferentes capacidades e diferentes niveis de motivación; ademais, o esforzo por aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo.

Unha vez feita a avaliación inicial e detectado o nivel dos alumnos/as e a súa forma de aprender, iremos adoptando unha serie de medidas de atención á diversidade, algunhas das cales tratamos xa no apartado de metodoloxía.

Favorezemos a capacidade de aprender por si mesmos e promoveremos a aprendizaxe en equipo. Organizararemos actividades de reforzo e ampliación que nos permitirán darlles unha atención individualizada, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. Ademais, certo tipo de actividades serán deliberadamente máis sinxelas, de tal maneira que todos os alumnos/as sexan capaces de levalas a cabo con éxito, co fin de aumentar a confianza en si mesmos dos alumnos/as menos aventaxados/as, como aprendices dunha lingua estranxeira.

Será de aplicación o indicado no capítulo I do título II da Lei 2/2006, do 3 de maio, nos artigos 71 a 79 bis, ao alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Estableceremos as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con estas necesidades educativas especiais. Xa contamos co feito de que ao longo do curso, vai ser necesario o apoio da especialista de PT.

Tendo todo isto en conta:

**Para o alumnado con dificultades graves de aprendizaxe** - Insistiremos nos contidos considerados instrumentais e realizaremos adaptacións significativas que supoñerán a eliminación de contidos, obxectivos e os conseguintes criterios de avaliación referidos as aprendizaxes que consideramos non imprescindibles. Priorizaremos os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social. Así, as **adaptacións curriculares** apropiadas para o alumnado con necesidades educativas especiais centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.
6. Enriquecemento curricular.
7. Avaliación adaptadas ás necesidades deste alumnado.

**Para o alumnado con NEAE** - ofreceremos unha especial atención educativa e aplicaremos as medidas necesarias sempre baixo as recomendacións do Departamento de Orientación.

**Para o alumnado diagnosticado con TDAH** - Aplicaremos as medidas recomendadas no protocolo específico para eles.

**Para o alumnado con dislexia** - Aplicaremos as medidas recomendadas no protocolo específico para eles.

**Para o alumnado con altas capacidades intelectuais** - Facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

**Para o alumnado de 4º de ESO que amose interese por prepararse para presentarse as probas de acreditación e certificación nos niveis B1 e B2 de lingua inglesa** – estaremos dispoñibles e recibirán axuda, en caso de precisala, na preparación do exame para acadar a titulación e certificación B1 ou B2 dentro do Marco Común Europeo das Linguas.

**Para o alumnado con integración tardía no sistema educativo** - Adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Como estes elementos poden ser abordados desde distintos puntos de vista, aparecerán moitas veces ao longo do curso, procurando manterse entre eles a maior relación. Deste maneira quedarán reflectidos ó desenvolver as diferentes unidades programadas.

- **Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.** Favoreceremos a sustentabilidade do centro. Incorporaremos elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sustentable, cos ODS e a Axenda 2030, co consumo responsable, os dereitos da infancia, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- **Educación Ambiental.** Estes contidos centraranse sobre os seguintes aspectos: Interaccións e cambios que se producen no medio Axentes e formas de contaminación. Valoración e respecto pola conservación do medio e dos seres vivos. Defensa do medio ambiente e actitude crítica e toma de decisións ante problemas e a procura das súas posibles solucións.

- **Educación para a paz.** Concederemos moita importancia a educar nunha serie de valores como poden ser a xustiza, a solidariedade, a cooperación, a tolerancia, o respecto, a resolución pacífica de conflitos, etc., que serán a base da educación para a paz.

- **Educación moral e cívica.** Os alumnos e alumnas non só deben desenvolver as súas capacidades intelectuais senón que tamén deben educarse en actitudes, valores e normas. A educación moral e cívica queda reflectida en numerosos contidos actitudinais que fan referencia á tolerancia, a valoración e respecto polas opinións e a súa defensa. Polo tanto o alumnado deberá ir construíndo ó longo das unidades didácticas os seus propios valores referidos a autoestima, a solidariedade, o respecto polas opinións dos demais, etc. Desa maneira deberán ser capaces de: Analizar criticamente feitos da vida diaria e as normas polas que se rexe a sociedade actual. Mostrar a súa coherencia cos valores e normas que van adquirindo ó longo do seu proceso de aprendizaxe.

- **Educación para a igualdade de oportunidades.** A educación para a igualdade de oportunidades perseguirá eliminar calquera tipo de discriminación ou intolerancia, non só no plano das ideas, senón, e sobre todo, no das condutas persoais e sociais, reflectidas no vivir diario, nos medios de comunicación, nos centros de traballo, etc. Favoreceranse as actitudes non sexistas mediante a realización de actividades en grupos mixtos e o recoñecemento das contribucións ó desenvolvemento científico, cultural, ... tanto por parte de homes como de mulleres.

- **Educación do Consumidor.** A nosa sociedade actual non só fabrica produtos, senón tamén consumidores; Para iso tratarase de proporcionar ós alumnos:

- Criterios para actuar correctamente con responsabilidade.
- Mecanismos para analizar de maneira crítica as ofertas consumistas.
- Hábitos alimentarios. A dieta saudable e equilibrada.

- **Educación para a saúde e Educación sexual.** Para conseguir unha auténtica educación para a saúde, é preciso desenvolver actitudes que fan referencias a eses temas e procurar relacionalos con outros como poden ser os hábitos de hixiene, a tolerancia e respecto polas diferenzas individuais.

- **Educación Vial.** Enténdese por Educación Vial, nun sentido amplo, tódolos compoñentes educativos que afectan tanto á Educación para a Seguridade Vial, referidos ás normas de tráfico e a algúns aspectos mecánicos como a Educación Cidadá, entendida como comportamentos axeitados de toda persoa: responsabilidade dos condutores, peóns, respecto ós sinais, primeiros auxilios, etc.

Como contidos do currículo que fan especial referencia á Educación Vial, podemos sinalar: Creación de hábitos de comportamento e prudencia como peóns. Deste xeito preténdese o desenvolvemento nos alumnos de hábitos de comportamento correctos, coa finalidade de formalos como persoas que nun futuro deberán procurar ser condutores responsables e solidarios.

- **A comunicación audiovisual e As tecnoloxías da información e da comunicación** tamén se traballan a través da presentación do vocabulario e da gramática a través de animacións, as actividades de listening, speaking e writing, visualización dos vídeos nos xogos para consolidar os contidos...

- **O emprendemento.** O emprendemento tamén se traballa xa que axudamos ós alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real. Os proxectos que se realizarán suporán un reto para o alumno en canto a traballo colaborativo en grupos, aplicar os coñecementos fóra da aula, organizarse e presentar as súas ideas, desenvolver a negociación, planificar, tomar decisións, etc.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

O noso departamento propón as seguintes actividades complementarias e extraescolares organizadas polo propio departamento ou en colaboración co resto do centro:

- Asistencia a unha representación teatral interactiva en lingua inglesa.
- Escape the classroom! The Game: Actividade de gamificación na aula.
- Visionado de obras de teatro dixitais.
- Participación do alumnado de 1º e 2º da ESO no concurso internacional: “The Big Challenge Contest”.
- Participación na demostración do Videoxogo educativo en inglés do proxecto Misión azul.

- Intercambio lingüístico e cultural coa Newark Academy en New Jersey, que viñamos xa realizando cada 2 cursos, desde o ano 2009, e que retomamos despois do parón de dous anos, causado pola situación de emerxencia e pandemia na que nos atopábamnos pola covid-19.

## **CONTRIBUCIÓN AO FOMENTO DA LECTURA**

Intentarase concienciar ao alumnado da importancia de utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

En **2º da ESO** realizarase a lectura de dous libros en lingua inglesa. O primeiro será elixido polos alumnos, de entre varios ofertados polo departamento, durante o segundo trimestre e poderá ser diferente para cada alumno. O segundo libro de lectura lerase no terceiro trimestre e será común para todos.

En **4º de ESO**, propónse a lectura dun libro no segundo trimestre. Todos lerán o mesmo libro, seleccionado pola profesora en función dos intereses do alumnado, xa que deberán encher un formulario sobre os seus gustos persoais. Procurarase dedicar tempo do horario escolar a realizar esta tarefa seguindo a guía e o consello da profesora con actividades de pre-reading e post-reading. Preténdese fomentar a lectura en inglés polos efectos positivos que ten para a materia: o vocabulario, a expresión, a ortografía, o interese pola literatura, a cultura, etc., vense incrementados en todos aqueles alumnos que len.

Asemade, en todos os niveis se incidirá na lectura comprensiva de noticias de prensa e artigos, tanto en formato periodístico como dixital, letras de cancións, comics, folletos, textos breves adecuados á idade, intereses e nivel de competencia dos alumnos,...

## **CONTRIBUCIÓN AO FOMENTO DAS TICs**

O noso centro forma parte na actualidade da rede de centros dentro do proxecto EDIXGAL, polo que todo o alumnado disporá dun ordenador portátil en préstamo que poderá levar as súas casas e que utilizará para realizar diversas actividades. Continuarase tamén co uso da aula virtual do centro.

O Departamento contempla a seguinte proposta de actuación:

- Emprego nas aulas das novas tecnoloxías e soportes: encerado interactivo e canón proxector,..
- Traballo a través das aulas virtuais moodle- EDIXGAL, na que se recollerán diferentes recursos na rede axeitados ao seu nivel e de calidade nos seus contidos, para facilitar o emprego das TICs por parte do alumnado.

-Realización de procuras selectivas de información na rede en diferentes soportes e o seu tratamento por parte do alumnado.

-Presentación de traballos diversos en programas de software libre.

## **MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluímos a continuación unha plantilla cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

<b>ELEMENTOS A AVALIAR</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO</b>			<b>Mecanismos de revisión en relación cos Resultados</b>
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Resultados da avaliación.	Non se conseguiron uns resultados satisfactorios na materia.	Conseguíronse uns resultados mellorables na materia.	Conseguíronse bos resultados na materia.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Mecanismos de revisión en relación cos Resultados
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos utilizados non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	
Distribución de espazos e tempos.	A distribución dos espazos e tempos non foron adecuados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foron parcialmente adecuados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foron adecuados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima de aula e de centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima de aula e de centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima de aula e de centro.	

## **METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA NO CONTEXTO DA COVID-19.**

As medidas a adoptar no suposto no que o alumnado teña que recibir ensino a distancia en períodos de peche dalgunha das aulas ou do centro, serán as que se ditan ao respecto nas Instrucións de inicio de curso aprobadas por resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional e nas instrucións do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos, para o curso 2022/2023.

Coa finalidade de ofrecer estabilidade ao alumnado, tratando de contemplar diferentes escenarios, no caso de corentenas ou confinamentos, seguiremos a seguinte folia de ruta elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos, para que todos eles poidan continuar co seu proceso formativo, a pesar das eventualidades que poidan xurdir, derivadas da actual crise sanitaria.

### **- Mecanismos que se adoptarán para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

A profesora responsable da materia será a encargada de impartila e facer chegar ao alumnado, os vídeos explicativos, ligazóns de interese, contidos informativos e actividades propostas, preferentemente a través da aula virtual de cada grupo, garantindo así a adquisición das aprendizaxes básicas. Para facilitar o traballo e que o alumnado non se sinta abrumado ante a presentación dos contidos, a información aparecerá organizada por unidades ou títulos, de maneira clara e sinxela, dentro de cada aula virtual. Desde o inicio do curso escolar, coa maior brevidade posible, trataremos de familiarizar ao alumnado co funcionamento e xeito de traballo nunha aula virtual Moodle como a de EDIXGAL, e de explicarlle cal será a metodoloxía de traballo no caso dun posible confinamento posterior. A profesora realizará o seguimento do proceso formativo do alumnado e habilitará canles de comunicación entre eles para poder resolver as dúbidas que lle vaian xurdindo.

De seren poucos os alumnos ou alumnas confinados, a atención poderá ser máis personalizada, e intentarase que sigan o ritmo de traballo dos seus compañeiros que asisten as clases presenciais, para que o seu proceso formativo no se vexa afectado por esta circunstancia. Diseñaranse tarefas e actividades de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación das aprendizaxes propostas que o alumnado deberá entregar subíndoas a través dos buzóns da aula virtual. Realizarase unha avaliación continua onde se avaliarán e valorarán principalmente os traballos entregados pero



tamén o esforzo na realización das tarefas e o interese amosado no seguimento da actividade educativa desenvolvida neste período non presencial.

No caso de que a porcentaxe de alumnado confinado sexa elevada, traballaremos de xeito completamente telemático e o alumnado que asista ás clases no centro realizará as mesmas tarefas e proxectos que o confinado na casa, e irá subindo e entregando os seus traballos igualmente, a través dos buzóns da aula virtual. A maiores, programaremos 3 sesións de clase (reducidas ata un 40%), por videoconferencia, a través da plataforma Webex. Aproveitaremos estas sesións para correxir tarefas, aclarar contidos e resolver as dúbidas xurdidas ao alumnado cando realiza os traballos; aínda que tamén poderán contar coa posibilidade de recibir axuda e comunicarse coa profesora por correo electrónico, polo servizo de mensaxería da aula virtual de EDIXGAL, por Abalar móbil ou calquera outro medio que poida ser necesario en circunstancias especiais.

**- No caso do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Unha vez detectado o alumnado que teña problemas de conexión ou falla de equipamento, adoptaremos as medidas necesarias para tratar de minimizar as eventuais dificultades con que nos atopemos. Trataremos de facerlle chegar os documentos, fichas de traballo, tarefas e actividades por outros compañeiros ou compañeiras, veciños, servizos sociais do Concello, correo ordinario ou calquera outro medio que sexa viable. De calquera xeito, cun pouco de esforzo, ao estarmos adheridos ao programa EDIXGAL, o noso alumnado non debería ter problemas coa ensinanza telemática, ao contar cada un deles cun ordenador portátil e amosarse familiarizado co traballo nas aulas virtuais.

Vilaboa, a 15 de setembro de 2022.

Beatriz Martínez García  
(Xefa do Departamento de Lingua Inglesa)

Visto e praxe, o Departamento de Lingua Inglesa.

María Pérez Vázquez